

**EDUCACI3N COMUNITARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL**  
**Programa de Acci3n Rural Diocesana.**

Xos3 G. Alonso Bern3rdez. T3cnico do Programa de Animaci3n Rural C. D. de Santiago

Cun especial protagonismo nas 3ltimas d3cadas estanse a po3er de manifesto a **dimensi3n territorial da pobreza** e os **procesos de exclusi3n estrutural** que en boa medida te3en afectado, e as3 o siguen facendo, 3s nosas comunidades rurais. Al3dese, 3 efecto, a notoria importancia e calado dos numerosos retos de futuro presentes nas nosas parroquias e territorios rurais que cunha singular incidencia est3n a vivir dr3sticas reestructuraci3ns ( realidade productiva, poboacional, ambiental, etc.) e cambios nos seus xeitos de vida (compo3entes sociais, culturais, etc.).

Cambios e realidades que, cunha significaci3n crucial para a **pervivencia das comunidades rurais** e a mellora da s3a **calidade de vida**, po3en de manifesto a importancia de cuesti3ns relativas a modos ou estratexias de futuro 3 hora de establecer v3as de promoci3n comunitaria nas cales C3ritas debe xogar dende os seus grupos parroquiais de base ou a consolidaci3n de redes comunitarias (plataformas, partenariados, etc.) un papel determinante. Concepci3ns como desenvolvemento end3xeno, plans de acci3n local, dinamizaci3n comunitaria, desenvolvemento sostible, entre outros sirven de f3o argumental 3s posibilidades atribuidas 3s procesos de animaci3n comunitaria no medio rural.

Xurde dende esta perspectiva un concepto renovado de **animaci3n comunitaria** entendido como “*proceso educativo transformador, xerador da participaci3n e a vida asociativa, proceso e pedagog3a de intervenci3n que propicia a implicaci3n e inserci3n das persoas e colectivos en procesos de cambio e desenvolvemento da comunidade por ela mesma*” (C3ritas Espa3ola; Programa de Animaci3n Rural, pp. 59, 2.000).

Baixo o exposto **C3ritas Diocesana de Santiago de Compostela**, asumindo a representativa presenza das comunidades e unidades parroquiais rurais no conxunto da realidade diocesana, est3 a sentar as bases do Programa de Animaci3n Rural e as s3as posteriores acci3ns baixo a denominada **Acci3n Rural Diocesana (A.R.D.)** a fin de contribuir 3 mellora sostida das numerosas situaci3ns de abandono, marxinci3n ou precario desenvolvemento que parecen estar marcando o decurso das comunidades e contornos rurais relacionadas entre outros factores co empobrecemento territorial, marxinci3n sociocultural, debilitamento das comunidades, despoboamento,

avellantamento, carencia de axentes sociais/culturais, precario desenvolvemento económico, etc.

***EDUCACIÓN COMUNITARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL***  
***Programa de Acción Rural Diocesana.***

Xosé Gumersindo Alonso Bernárdez.

Pedagogo. Membro do Equipo Técnico do Programa de Animación Rural de C. D. de Santiago

*Medio Rural; Algunhas constantes e desafíos.*

Podemos constatar que a distinción entre os contextos urbanos e os contextos rurais (equiparados maioritariamente coas actividades agrarias) ten sido ampla e historicamente abordada, especialmente polo que respecta a variables de tipo ***económico-productivo*** e ***laborais*** e con especial incidencia nas últimas décadas en relación a problemáticas tales como a ***revitalización demográfica, ordenación territorial*** ou a ***diversificación económico-productiva*** derivada dos procesos de mundialización e reestructuración comunitaria.

Ó efecto a caracterización dos espazos rurais tense convertido nunha tarefa pouco doada, especialmente agravado coas drásticas consecuencias atribuídas á incorporación das ***políticas agrarias comunitarias***, e no que interveñen un bo número de variables (*sociolóxicas, sociolaborais, económico-productivas, culturais, etc*) que presentan nas súas interrelacións as diferentes particularidades dun feito ou construción sociocomunitaria que a todas luces parece estar chamado a unha profunda reestructuración.

Referímonos ó concepto mesmo de ***ruralidade***, cuestionado incluso no mundo da tecnoloxía e a globalización como entidade diferencial fronte as realidades urbanas, que a pesar de todo parece manifestar elementos claramente diferenciados e relacionados coas estruturas sociais que o constitúen, as relacións de produción, os hábitos, actitudes e valores dos seus habitantes ou manifestas carencias en servizos e prestacións básicas que entre outros factores e como vimos de apuntar poderan plantexarse como dicotómicos factores de inclusión-exclusión sociocomunitaria no seo das comunidades rurais.

De igual xeito, véndose afectado cunha maior aceleración ou retraso estrutural; o medio rural no seu conxunto (referímonos basicamente ós espazos integrados na Unión Europea) encóntrase suxeito a unha profunda mutación e cunha especial

IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL  
IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUCADOR/A SOCIAL

Comunicacións / Comunicacións

incidencia nas últimas décadas. Cuestións xa apuntadas en relación a liñas de investigación amplamente abordadas, exprésanse en elementos como a reestructuración agraria, a diversificación económica, sustentabilidade, cambios sociais e culturais, reforzo demográfico, crecente interdependencia entre medio rural e urbano; e veñen plantéxandose como tensións inevitables á hora de abordar o futuro das comunidades, contornos rurais así como o seu desenvolvemento.

Se o panorama sociocomunitario se presenta incerto, ou cando menos cunha forte carga de **corresponsabilidade** para as comunidades rurais, a situación do sector e subsectores agropecuarios non se escapa ás contínuas transformacións productivas e estruturais xa aducidas. Con especial incidencia no caso concreto das comunidades rurais galegas –*no cal o sector agrario asumía un peso altamente representativo no conxunto da economía e o desenvolvemento territorial*–, as orientacións e prescricións recollidas pola **Política Agraria Común** (PAC) e as modificacións contidas na **Axenda 2.000** presentan numerosas adaptacións relacionadas con determinantes cuestións para o futuro do sector tales como a produtividade, prezos de mercado e competitividade, sustentabilidade ou a denominada mundialización das produccións.

É así como as complexas interrelacións e crecentes interdependencias asociadas ós conceptos de **globalización** ou **mundialización** marcan de xeito decidido as posibilidades de desenvolvemento dun sector agrario que por outra parte está incluído nos denominados espazos ou contornos da periferia económica e lonxe dos grandes centros de xestión supranacional.

De xeito complementario e cunha especial incidencia no momento actual, as sucesivas reformas das liñas comunitarias foron incorporando entre as súas prioridades elementos coxunturais relacionados coa protección do medio ambiente, o consumidor (seguridade alimentaria, controis de calidade, etc.) ou a búsqueda dun **desenvolvemento territorial** máis harmónico que, como se pode anticipar, está a ter claras repercusións coas liñas de desenvolvemento e promoción en materia de desenvolvemento agrario e rural.

En efecto e como xa anticipábase, as diferentes particularidades dos contextos e territorios rurais, deparan un incerto camiño para o seu futuro que, a risco de ser consideradas elementos infranqueables (políticas estruturais, despoboamento, precarización de servizos, etc.), deberan presentarse como retos ou **vías de expresión en termos de posibilidade**. Sen dúbida o que doutro modo foron condicionamentos

IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL  
IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUCADOR/A SOCIAL

Comunicaciones / Comunicacións

atribuídos ós contornos rurais como subdesenvolvemento, precarización da calidade de vida ou restrinxidos roles e formas culturais; estar a confrontarse progresivamente con esperanzadoras connotacións relacionadas coa potencialidade do seu valor en termos de **calidade ambiental, racionalización de espazos, calidade de vida** ou **tempo de lecer e esparcemento**, entre outros.

*Desenvolvemento e Educación Comunitaria*

Os contextos e comunidades rurais téñense constituído en obxecto preferente de análise e actuación en materia de **desenvolvemento e animación comunitaria** como estratexia-modelo de actuación básico fronte a unhas condicións de vida e promoción social manifestamente mellorables. Deste xeito os espazos-territorios rurais entendidos como **escenarios sociais e comunitarios**, en base a determinantes variables relacionadas coas magnitudes económica, social, poblacional, ambiental ou sociocultural, convértense en potenciais **espacios de inclusión-exclusión social** segundo a incidencia das variables manifestadas e en relación coas cotas acadadas de autoorganización e xestión, participación comunitaria e posibilidades de inserción das comunidades locais e os seus axentes principais.

Problemáticas e tensións que poñen en evidencia a necesidade de artellar diferentes liñas de promoción e desenvolvemento comunitario como vías sostidas de **participación e promoción sociocomunitaria** fronte á negativa confluencia de múltiples carencias estruturais. Falla de recursos sociais, promoción socio-económica, dinamización cultural ou bases político-sociais que dende a promoción social das comunidades de referencia ata a conciencia-dignidade individual evidencian plantexamentos e liñas de actuación “*máis complexas e continuadas co simple reparto de recursos económicos*”.

Adquire dende esta perspectiva o territorio unha **concepción global e ampliada**, dende as súas problemáticas, potencialidades e desafíos, de vital importancia na elaboración e execución de plans e liñas estratéxicas que, a menudo cuestionadas pola súa descontextualización e adecuación de finalidades; respostan a **plantexamentos integrados e potenciadores** dunha crecente equiparación das posibilidades reais e efectivas de desenvolvemento das comunidades de referencia.

IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL  
IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUCADOR/A SOCIAL

Comunicaciones / Comunicaci3ns

Nesta liña e baixo unha ampla nomenclatura v3ense implementando, habitualmente dende a administraci3n p3blica –estatal, e moi especialmente comunitaria-, diferentes plans, estratexias e actuaci3ns baixo denominaci3ns como ***animaci3n comunitaria, dinamizaci3n rural, desenvolvemento rural integrado, programas de diversificaci3n rural***, etc.

Recolle S3ez Carreras (1.997) 3 respecto do concepto de territorio, catro significaci3ns fundamentais no marco dos procesos de desenvolvemento comunitario, resumidos nos seguintes ep3grafes;

- Lugar das actuaci3ns, Delimitaci3n dun ***espacio econ3mico, social e cultural*** con problemas concretos e espec3ficos, que busca definir as liñas de actuaci3n para un posible desenvolvemento.
- ***Espacio de participaci3n***, centrado na implantaci3n de diferentes liñas e v3as de formaci3n. Av3gase pola creaci3n de comit3s locais para a dinamizaci3n da formaci3n e mobilizaci3n dos ambientes en torno 3;
  - Desenvolvemento dunha liña formativa adaptada 3s carater3sticas econ3micas e socioculturais do medio.
  - Utilizaci3n dos recursos educativos do territorio e a contribuci3n de cara 3 construcci3n dun sistema formativo integrado.
  - Compromiso nos eidos da informaci3n, sensibilizaci3n e formaci3n da poboaci3n.
  - Afianzamento do control social da comunidade, as3 como os fins, contidos e m3todos dos proxectos de formaci3n.
- Territorio como ***contido-obxecto dos programas e liñas formativas***.
- Territorio como distrito, conxunto de ***axencias educativas*** institucionais e non institucionais, e non como partes ailladas.

En definitiva poñer3mos de manifesto as posibilidades atribuidas 3 ***Desenvolvemento Comunitario*** no progresar das comunidades rurais, e moi especialmente no potencial atribuido a ***educaci3n*** nas s3as diferentes vertentes –nun sentido amplo e integrador- para coa contribuci3n de desexables cotas de benestar e

IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL  
IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUCADOR/A SOCIAL

Comunicaciones / Comunicacións

progreso das comunidades sen descoidar a participación máis ou menos protagonista dos seus axentes principais.

Cobra vida ó respecto, especialmente na última década, a concepción de ***desenvolvemento rural integrado*** como estratexia-marco de actuación a partir do cal e dende as comunidades locais se fagan efectivas respostas axeitadas ás súas realidades específicas no afán de instrumentalizar ó mesmo tempo as posibilidades de concerto e compromiso das diferentes administracións (locais, autonómicas, comunitarias), axentes sociocomunitarios, axentes privados (fundamentalmente vinculados ó tecido empresarial), e actores principais (habitantes, colectividade e comunidades en xeral).

Desenvolvemento rural integrado que definido como proceso especializado de desenvolvemento comunitario nos contornos rurais; “*atende simultaneamente a tódalas dimensións que definen a calidade de vida dunha comunidade con relación ó seu contorno natural e social: a educación, a sanidade, o lecer, o asociacionismo, os servizos sociais, as comunicacións ... vertebrados en función dos compoñentes socioeconómicos que posúan maior dinamismo e perspectivas de futuro (agricultura, gandeiría, turismo, industria, artesanía...)*” (AA.VV.;pp 18. , 1.997).

En calquer caso argumentase a necesidade urxente de revisar as teses de ***promoción e desenvolvemento rural*** que esixirían abandonar a tradicional visión urbana das áreas rurais, as vellas políticas asistenciais e manter un alto grao de coordinación e cooperación entre os diferentes axentes e actores sociocomunitarios enclavados no medio rural (Nogueiras, pp 31, 1.996).

*Acción Rural Diocesana.*

Compromiso e participación comunitaria que tanto historicamente como dende o punto de vista operativo ***Cáritas Española***, moi especialmente dende a consolidación do seu ***Programa de Desenvolvemento Rural*** a comezos da década dos oitenta; ven manifestando nos numerosos proxectos e accións, en moitos casos posteriormente asumidos por outras instancias ou adquirindo vitalidade propia (é por caso o Programa Rural de Educación Familiar e Infantil, Preescolar na Casa xurdido na Cáritas Diocesana de Lugo) como alicerce necesario para co desenvolvemento e progreso sociocomunitario das mencionadas comunidades rurais.

IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL  
IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUCADOR/A SOCIAL

Comunicaciones / Comunicaci3ns

Viñeron a significar tal cometido por parte dos grupos de C3ritas, e s3gueno facendo en moitos casos, coa dinamizaci3n de numerosas Cooperativas Agrarias, o apoio decidido 3s denominadas Escolas Campesiñas, programas de Educaci3n Familiar ou a s3a crecente participaci3n en **Programas de Desenvolvemento Comunitario** en zonas rurais con particulares necesidades de promoci3n ou desenvolvemento como os territorios rurais da nosa di3cese.

Rec3llense como **obxectivos preferentes** de actuaci3n diocesana en relaci3n 3 dinamizaci3n das comunidades rurais;

- Integrar 3s habitantes das comunidades rurais no **protagonismo** do seu propio desenvolvemento, enfatizando as s3as posibilidades e recursos end3xenos.
- **Dinamizar e sensibiliza-las** comunidades parroquiais as3 como a consolidaci3n dos grupos de **C3ritas de base territorial** para o servicio social e comunitario.
- **Promoci3n de actuacións e colaboraci3n** con outras instituci3ns orientadas 3 dinamizaci3n e fixaci3n das parroquias rurais dende un modelo de **desenvolvemento integrado e sostible**.

As3 recollidas as intenci3ns do Programa Diocesano de Animaci3n Rural,ponse de manifesto a necesidade de dinamizar as C3ritas Rurais da Di3cese e a mobilizaci3n conxunta das asociaci3ns e colectivos con incidencia no medio rural na determinaci3n de acci3ns e proxectos que promovan un modelo de **desenvolvemento rural integral** dende tres **3mbitos preferentes**,

- Promoci3n do **colectivo infantil e xuvenil**, incidindo en factores de protecci3n, promoci3n socioeducativa, ocio, e promoci3n social en xeral.

- Promoci3n da **poboaci3n maior**, establecendo l3neas de actuaci3n en materia de dinamizaci3n comunitaria (asociacionismo, actividades ocupacionais, etc.) recursos socio-educativos ou de promoci3n da sa3de (car3cter preventivo ou terap3utico).

IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL  
IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUCADOR/A SOCIAL

Comunicaciones / Comunicaci3ns

- **Promoci3n socio-econ3mica**, incentivando no marco dos territorios rurais e dende o acompañamento 3s C3ritas Parroquiais, acci3ns contextualizadas de autoemprego (cooperativismo, asociacionismo rural,...), formaci3n ocupacional, ou a detecci3n de novos xacimentos de emprego (an3lise de necesidades, etc.).

No **plano metodol3xico**, tomando como referente a constituci3n dun marco operativo baixo a denominaci3n de “Acci3n Rural Diocesana” p3dese sinalar as seguintes fases en curso;

- *Establecemento do Equipo de Acci3n Comunitaria Rural* (t3cnicos e voluntariado) e pasos previos, recollendo entre outras variables;
  - Consolidaci3n **Grupo de Traballo estable** e r3xime de traballo (Delegado e Direcci3n Diocesana, Responsables de Departamentos, T3cnicos-Animadores, Voluntarios...).
  - Determinaci3n de Zonas de Intervenci3n: **Mapa Diocesano de Incidencia Rural**.
  - Concreci3n **3mbitos-Li3as de Intervenci3n** e encardinaci3n no Plan Estrat3xico Conferal (C3ritas Espa3nola e Programa Rural) e Animaci3n Comunitaria Diocesana.
  - **Presenci3n Xeral** Programa Rural nas Zonas de Intervenci3n e **Proposta de Animadores Rurais**: Xornadas Interdiocesanas de Voluntariado e Animaci3n Rural
  - Aproximaci3n-Elecci3n posibles **Centros de Dinamizaci3n Rural**.
  - Dise3o e Elaboraci3n de Instrumentos para o Traballo de Campo: Observatorio da Realidade Rural Diocesana.
- *Traballo de Campo, Detecci3n de Necesidades*;

IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL  
IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUCADOR/A SOCIAL

Comunicaciones / Comunicacións

- **Entrevista Personalizada** á totalidade das parroquias integradas nas zonas de intervención. (Arciprestazgos, Párrocos, Unidades Pastorais, Grupos parroquiais, etc.).
  - **Identificación e Entrevista doutros Colectivos** (Xuntas Parroquiais, Asociacións Cívís, Xuvenís, etc.), Institucións ou Entidades (Concellos, Cooperativas de Productores, Sindicatos, Programas Europeos,...) ou Figuras Profesionais (Traballadores/as Sociais, Médicos, Educadores, Empresarios, etc.) con repercusión nas zonas rurais de incidencia.
  - **Grupos de Discusión con Axentes Relevantes** ou Colectivos de Incidencia (Xóvenes, Maiores, Muller, etc. )
  - Compilación de **datos e variables relevantes** en relación ás zonas de intervención (Fontes Estadísticas: PADRÓN, IGE, INE,..; Fontes Documentais: Estudos e Traballos das zonas, Bibliografía...; Fontes Secundarias (Páxinas Web, Promoción Turística...).
  - Sesións de **seguimento e reorientación** do equipo de traballo.
  - Sesións de **formación-discusión** do Equipo de traballo sobre temas de incidencia no medio rural: emprego, animación-desenvolvemento comunitario, sistema rural...
  - Aproximación á elaboración da **Base de Datos de Recursos Comunitarios nas parroquias rurais da nosa diócese.**
- **Definición dunha “Foto-Realidade”;**
    - **Tratamento da Información** dos Datos Recollidos (tablas cuantitativas e síntese Cualitativa).
    - **Análise DAFO** (Debilidades e Fortalezas das nosas parroquias rurais).
    - Elaboración documento de presentación; **“A realidade rural diocesana”**
    - Determinación dos Grupos de Referencia ou de **“Volta á Comunidade”**.
  - **Presentación “Foto-Rural”;**

IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL  
IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUCADOR/A SOCIAL

Comunicaciones / Comunicacións

- Presentación Foros Parroquiais e Comunitarios do Traballo de Campo e Análise de Datos recopilados.
  - Determinación de Grupos e Axentes de dinamización rural; Grupos de Animación Rural (G.A.R.)
- *Plan de Actuación; Acción Rural Diocesana;*
    - Identificación de *Centros de Interese* e Eixes Rectores na dinamización rural diocesana.
    - Programa de *Sensibilización e Dinamización comunitaria*; propostas de animación infantil e xuvenil, grupos de maiores e formación comunitaria nas zonas de incidencia.
    - *Consolidación e Acompañamento dos Grupos* Parroquiais e Comunitarios de Animación Rural.

Á vista do expresado queda por diante un longo recorrido, sempre dende o *acompañamento* ás comunidades e núcleos rurais, coas súas necesidades e ritmos particulares, na intención de promover un desenvolvemento máis axustado as súas necesidades e posibilidades. Nesta liña como apuntamento final cómpre sinalar a esixencia de propiciar un verdadeiro proceso de animación, asumido pola comunidade e protagonizado polas propias comunidades rurais.

*Bibliografía*

- AA.VV (1.997): Léxico Básico de 131 conceptos clave de Educación Social. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.
- AGANZO, A. (1.988); Mundo Rural y Animación Comunitaria. La Acción Social. Cuadernos de Formación, nº 2. Ed. Cáritas Española. Madrid.

**IV CONGRESO ESTATAL DEL/A EDUCADOR/A SOCIAL  
IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUADOR/A SOCIAL**

**Comunicaciones / Comunicaci3ns**

- (1.992); Solidaridad y asociacionismo: una respuesta creativa al mundo rural. En Documentaci3n Social (1.992); El futuro del Mundo Rural, n° 87, pp. 98-113, abril-junio 1.992. Ed. C3ritas Espa~ola. Madrid.
- CARIDE G3MEZ, J. A. (1.992); Educaci3n y animaci3n sociocultural: La pedagogía social como modelo de intervenci3n. En QUINTANA, J.M. (Coord.) (1.992); Fundamentos de Animaci3n Sociocultural. Ed. Narcea. Madrid.
  - C3RITAS ESPA~OLA (2.000); ¿Qu3 modelo de desarrollo queremos para el medio rural?. Asί queremos nuestro pueblo. Informe Encuentro Estatal del Programa Rural. Equipo de Promoci3n y Animaci3n territorial C3ritas Espa~ola. El Escorial, Madrid. Diciembre 2.000.
  - L3PEZ de AGUILETA, I. (1.988); La dimensi3n social de la animaci3n sociocultural: Promoci3n y Desarrollo de la Sociedad civil. En DOCUMENTACI3N SOCIAL (1.988); Animaci3n Sociocultural: Modelos de Intervenci3n, n° 70, pp. 81-120, enero-marzo 1.988. Ed. C3ritas Espa~ola. Madrid.
  - MENA MERCH3N, B. (1.992); Participaci3n Social y Desarrollo Comunitario. En Documentaci3n Social (1.992); El futuro del Mundo Rural, n° 87, pp. 206-217, abril-junio 1.992. Ed. C3ritas Espa~ola. Madrid.
  - NOGUEIRAS MASCARE~AS, L.M. ( 1.996); La pr3ctica y la teoría del desarrollo comunitario. Descripci3n de un modelo. Ed. Narcea. Madrid.
  - S3EZ CARRERAS, JUAN (1.997); La Tercera Edad. Animaci3n Sociocultural. Ed. Dykinson. Madrid.